Na citada base 13ª sinalase que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude.

Á vista dos antecedentes e dos fundamentos xurídicos a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder ao *Concello de As Neves*, CIF P3603400G, unha prórroga pola que se amplía o prazo de xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións:

- Reparación da estrada Ponte Uma (Pista), Pío Sta. Eulalia de Batalláns
- Reparación de camiño de Sta. Eulalia

O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para a restante actuación:

- Reparación de camiño da Coutada (Pista) Costoura, Taboexa

2.- Darlle traslado do acordo ao *Concello de As Neves*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.33416.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE OIA DE PRAZO PARA A “EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE DÚAS ACTUACIÓNS (RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ACEVEDO E RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE CAMIÑO EN OIA - CABREIRIZA) AO ABEIRO DO PLAN DE AXUDAS POLAS INUNDACIÓNS”. (Expte. 2023034415)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023.
Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 17.32811, de 30/06/2023, concedeuse unha subvención ao Concello de Oia por importe de 69.435,28 € con destino ao financiamento de distintas actuacións ao abeiro da dita convocatoria, cun orzamento polo mesmo importe, de conformidade coa seguinte táboa:

| ACTUACIÓNS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|---|-------------|-------------|
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo | 9.195,90 € | 9.195,90 € |
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Loureza | 13.154,66 € | 13.154,66 € |
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Oia | 14.542,22 € | 14.542,22 € |
| Construción de muro de contención en estrada A Portela | 32.542,50 € | 32.542,50 € |
| TOTAL | 69.435,28 € | 69.435,28 € |

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención das autorizacións sectoriais solicitadas o 03/05/2023 da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para as actuacións “Recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo” e “Construción de muro de contención en estrada A Portela”, e de Augas de Galicia para a actuación “Recuperación e consolidación de muro de contención en Oia”.

- Posteriormente, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017 de 06/10/2023, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.



- O Concello presenta o 15/12/2023 no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023068552) a autorización de Augas de Galicia de data 26/05/2023 para a actuación “Recuperación e consolidación de muro de contención en Oia”, xunto coa documentación xustificativa da execución da actuación.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 14.33284, de 15/12/2023, modifícase o acordo inicial de concesión de subvención ao Concello, aumentando a subvención ata o importe de 86.582,13€, ao incluírse unha nova actuación subvencionable, de conformidade coa seguinte táboa:

| ACTUACIÓNS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|--|--------------------|--------------------|
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo | 9.195,90 € | 9.195,90 € |
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Loureza | 13.154,66 € | 13.154,66 € |
| Recuperación e consolidación de muro de contención en Oia | 14.542,22 € | 14.542,22 € |
| Construción de muro de contención en estrada A Portela | 32.542,50 € | 32.542,50 € |
| Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza) | 17.146,85 € | 17.146,85 € |
| TOTAL | 86.582,13 € | 86.582,13 € |

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención da autorización sectorial solicitada o 29/11/2023 da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para a nova actuación “Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza)”.

- O 18/01/2024 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024002602), emendada na data 24/01/2024 (núm. rexistro WEB2024003441), unha solicitude de ampliación de prazo de execución e xustificación das actuacións “Recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo” e “Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza)”, ao precisar das autorizacións da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da AXI, respectivamente, e non dispoñer aínda das ditas autorizacións sectoriais.
- O 26/01/2024 o enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación informa que as dúas obras non comezaron.
- As presentes actuacións contan cos informes favorables da xefa do Servizo de Cooperación de data 26/01/2024 e da Intervención Provincial de data 29/01/2024.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023 (Plan de axudas por inundacións).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- A base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións recolle que a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



FUNDAMENTO DA PRÓRROGA

- A base reguladora 13ª do Plan de axudas por inundacións, denominada “Execución das actuacións e modificación do proxecto”, recolle que antes do vencemento do prazo de execución e xustificación, este prazo poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude, previa solicitude motivada e aprobación polo órgano competente da Deputación.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a autorización da prórroga.

CONCLUSIÓNS

A solicitude presentada polo Concello de Oia de prórroga do prazo para a execución e xustificación de dúas actuacións ao abeiro do Plan de axudas por inundacións cumpre cos requisitos sinalados na base reguladora 13ª do citado Plan, toda vez que constan no expediente as solicitudes de autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da AXI por parte do Concello na datas 03/05/2023 e 29/11/2023, respectivamente, e o Concello comunica que nas datas 18/01/2024 e 24/01/2024 non recibiron aínda as correspondentes autorizacións sectoriais.

Na citada base 13ª sinalase que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude.

A solicitude tardía de autorización a AXI debeuse a que a concesión da subvención para a actuación “Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza)” aínda tivo lugar o 15/12/2023, mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 14.33284.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos elévase a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder ao *Concello de Oia*, CIF P3603600B, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións:

- Recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo
- Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza)

O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

- Recuperación e consolidación de muro de contención en Loureza
- Recuperación e consolidación de muro de contención en Oia (remitida a documentación xustificativa polo Concello na data 15/12/2023)
- Construción de muro de contención en estrada A Portela

2.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.33417.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA OS INVESTIMENTOS “PROXECTO DE ACTUACIÓN EN LOUREIRO 1, PICOÑA” E “PROXECTO DE ACTUACIÓN EN CERQUIDO, BUDIÑO”, AO ABEIRO DO PLAN DE AXUDAS POLAS INUNDACIÓNS (Expte.2023033885)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023.
Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32822, de 21/07/2023, concedeuse unha subvención ao Concello de Salceda de Caselas por importe de 135.847,73 € con destino ao financiamento de distintas actuacións ao abeiro da dita convocatoria, cun orzamento polo mesmo importe, de conformidade coa seguinte táboa:

| ACTUACIÓNS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|---|--------------|--------------|
| Proxecto de actuación en Loureiro 1, Picoña | 61.620,67 € | 61.620,67 € |
| Proxecto de actuación en Loureiro 2, Picoña | 21.259,37 € | 21.259,37 € |
| Proxecto de actuación en Curuxeiras, Laxe | 24.186,42 € | 24.186,42 € |
| Proxecto de actuación en Cerquido, Budiño | 28.781,27 € | 28.781,27 € |
| TOTAL | 135.847.73 € | 135.847.73 € |

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, solicitada na data 03/05/2023, nas seguintes actuacións:

- Proxecto de actuación en Loureiro 1, Picoña
- Proxecto de actuación en Cerquido, Budiño
- Posteriormente, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017 de 06/10/2023, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.
- O 23/01/2024 o Concello presenta unha solicitude no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024003141), completada na data 25/01/2023 (núm. rexistro WEB2024003584), de ampliación de prazo de execución e xustificación dos investimentos “Proxecto de actuación en Loureiro 1, Picoña” e “Proxecto de actuación en Cerquido, Budiño”.



No caso da actuación en Loureiro 1 a data da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil é de 22/09/2023 e no caso da actuación en Cerquido o Concello aínda non dispoñe da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Así mesmo, o Concello alega que por mor da climatoloxía adversa non sería posible o remate das dúas obras en prazo.

- O 26/01/2024 o enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación informa que as dúas obras non comezaron.
- As presentes actuacións conta co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 26/01/2024 e da Intervención Provincial de data 29/01/2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023 (Plan de axudas por inundacións)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- A base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións recolle que a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

FUNDAMENTO DA PRÓRROGA

- A base reguladora 13ª do Plan de axudas por inundacións, denominada “Execución das actuacións e modificación do proxecto”, recolle que antes do vencemento do prazo de execución e xustificación, este prazo poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude, previa solicitude motivada e aprobación polo órgano competente da Deputación.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a autorización da prórroga.

CONCLUSIÓNS

A solicitude presentada polo Concello de Salceda de Caselas de prórroga do prazo para a execución e xustificación de dúas actuacións ao abeiro do Plan de axudas por inundacións cumpre cos requisitos sinalados na base reguladora 13ª do citado Plan, na que se sinala que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude.

Para o investimento “Proxecto de actuación en Loureiro 1, Picoña” consta no expediente que a solicitude de autorización sectorial á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil realizouse por parte do Concello na data 03/05/2023 e que a citada autorización é de data 22/09/2023, demorándose a obtención do permiso máis de catro meses desde que se solicitou.

No investimento “Proxecto de actuación en Cerquido, Budiño” a solicitude de autorización sectorial da mesma Confederación por parte do Concello tamén é de 03/05/2023, e o Concello comunica que a día 23/01/2024 non recibiron aínda a correspondente autorización sectorial.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, con CIF P3604900E, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para os seguintes investimentos:
 - Proxecto de actuación en Loureiro 1, Picoña
 - Proxecto de actuación en Cerquido, Budiño



O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para os restantes investimentos:

- Proxecto de actuación en Loureiro 2, Picoña
- Proxecto de actuación en Curuxeiras, Laxe

2.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.33418.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE TUI PARA OS INVESTIMENTOS REPARACIÓN DO PASO SOBRE O REGATO COTAREL E REPARACIÓN DO PASO SOBRE O REGATO DA FONTE FEBREIRO, AO ABEIRO DO PLAN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS (Expte.2023035385)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023. Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32979, de 22/09/2023, concedeuse unha subvención ao Concello de Tui por importe de 139.488,00 € con destino ao financiamento de distintas actuacións ao abeiro da dita convocatoria, cun orzamento polo mesmo importe, de conformidade coa seguinte táboa:

| ACTUACIÓNS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN | ACHEGA MUNICIPAL |
|---|---------------------|---------------------|------------------|
| 1. Reparación do paso sobre o regato Cotarel | 50.364,62 € | 50.364,62 € | - |
| 2. Reparación do paso sobre o regato da Fonte Febreiro | 40.688,75 € | 40.688,75 € | - |
| 3. Reparación e reinstalación do pantalán da praia Areiros | 31.314,86 € | 31.314,86 € | - |
| 4. Reparación do pavimento acceso o centro Interfederado remo e piragüismo de Tui | 8.480,37 € | 8.480,37 € | - |
| 5. Danos en muro de contención do vial municipal RA-01010 | 8.639,40 € | 8.639,40 € | - |
| TOTAL | 139.488,00 € | 139.488,00 € | - |

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención das autorizacións sectoriais solicitadas o 08/05/2023 á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para as actuacións núm. 1, 2, 3 e 4.



- Posteriormente, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017 de 06/10/2023, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 18.33337, de 29/12/2023, autorízase ao Concello de Tui a substitución dos proxectos técnicos das obras núm. 1 e 2, recollidas no acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32979, de 22/09/2023, aumentando o orzamento do investimento, manténdose invariable a subvención e recolléndose unha achega municipal, de conformidade coa seguinte táboa:

| ACTUACIÓNS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN | ACHEGA MUNICIPAL |
|---|---------------------|---------------------|---------------------|
| 1. Reparación do paso sobre o regato Cotarel | 192.508,12 € | 42.865,13 € | 149.642,99 € |
| 2. Reparación do paso sobre o regato da Fonte Febreiro | 48.188,24 € | 48.188,24 € | - |
| 3. Reparación e reinstalación do pantalán da praia Areeiros | 31.314,86 € | 31.314,86 € | - |
| 4. Reparación do pavimento acceso o centro Interfederado remo e piragüismo de Tui | 8.480,37 € | 8.480,37 € | - |
| 5. Danos en muro de contención do vial municipal RA-01010 | 8.639,40 € | 8.639,40 € | - |
| TOTAL | 289.130,99 € | 139.488,00 € | 149.642,99 € |

Consta a remisión por parte do Concello o día 23/11/2023 do novo proxecto da actuación núm. 1 denominada “Reparación do paso sobre o regato Cotarel” á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a obtención da correspondente autorización.

Mantense o condicionante de obtención da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para as actuacións núm. 1, 2, 3 e 4.

- O 19/01/2024 o Concello de Tui presenta unha solicitude no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024002775), emendada na data 25/01/2024 (núm. rexistro WEB202400), de ampliación de prazo de execución e xustificación das actuacións núm. 1 e 2, ao precisar das autorizacións da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e non dispoñer aínda das ditas autorizacións sectoriais.
- O 26/01/2024 o enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación informa que as dúas obras non comezaron.
- A presente solicitude de prórroga conta co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 26/01/2024 e da Intervención Provincial de data 30/01/2024.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023 (Plan de axudas por inundacións).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- A base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións recolle que a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



FUNDAMENTO DA PRÓRROGA

- A base reguladora 13ª do Plan de axudas por inundacións, denominada “Execución das actuacións e modificación do proxecto”, recolle que antes do vencemento do prazo de execución e xustificación, este prazo poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude, previa solicitude motivada e aprobación polo órgano competente da Deputación.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a autorización da prórroga.

CONCLUSIÓNS

A solicitude presentada polo Concello de Tui de prórroga do prazo para a execución e xustificación de dúas actuacións ao abeiro do Plan de axudas por inundacións cumpre cos requisitos sinalados na base reguladora 13ª do citado Plan, toda vez que constan no expediente as solicitudes de autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil por parte do Concello nas datas 08/05/2023 e 23/11/2023, e o Concello comunica que a día 25/01/2024 non recibiron aínda as correspondentes autorizacións sectoriais. Na citada base 13ª sinalase que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis (6) meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder ao *Concello de Tui*, con NIF P3605500B, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións:

1. Reparación do paso sobre o regato Cotarel
2. Reparación do paso sobre o regato da Fonte Febreiro

O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

3. Reparación e reinstalación do pantalán da praia Areeiros
4. Reparación do pavimento acceso o centro Interfederado remo e piragüismo de Tui
5. Danos en muro de contención do vial municipal RA-01010

2.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



18.33419.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE VILABOA PARA O INVESTIMENTO “RECONSTRUCCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS”, AO ABEIRO DO PLAN DE AXUDAS POLAS INUNDACIÓNS (Expte.2023034476)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023.
Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 18.32812, de 30/06/2023, concedeuse unha subvención ao Concello de Vilaboa por importe de 69.697,59 € con destino ao financiamento do investimento denominado “Reconstrucción de muros de contención de viais municipais”, cun orzamento polo mesmo importe.
A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana; e de Augas de Galicia, solicitadas polo Concello na data 08/05/2023.
- Posteriormente, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017 de 06/10/2023, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.
- O 19/12/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023069085), completada o 19/01/2024 e 24/01/2023 (núm. rexistro WEB2024000958 e WEB2024003443, respectivamente), unha solicitude de ampliación de prazo de execución e xustificación da actuación xa que recibiron a autorización do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para a execución da obra na data 21/12/2023.
- As presentes actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 26/01/2024 e da Intervención Provincial de data 29/01/2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023 (Plan de axudas por inundacións).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- A base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións recolle que a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

FUNDAMENTO DA PRÓRROGA

- A base reguladora 13ª do Plan de axudas por inundacións, denominada “Execución das actuacións e modificación do proxecto”, recolle que antes do vencemento do prazo de execución e xustificación, este prazo poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude, previa solicitude motivada e aprobación polo órgano competente da Deputación.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a autorización da prórroga.

CONCLUSIÓNS

A solicitude presentada polo Concello de Vilaboa de prórroga do prazo para a execución e xustificación do investimento ao abeiro do Plan de axudas por inundacións cumpre cos requisitos sinalados na base reguladora 13ª do citado Plan, toda vez que consta no expediente que a solicitude de autorización sectorial á Dirección General de Carreteras do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana realizouse polo



Concello na data 08/05/2023 e que se notificou a citada autorización ao Concello na data 21/12/2023, demorándose a obtención do permiso máis de sete meses desde que se solicitou.

Na citada base 13ª sinálase que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos elévase a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder ao *Concello de Vilaboa*, con CIF P3605800F, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para a actuación “Reconstrución de muros de contención de viais municipais” ao abeiro do Plan de axudas por inundacións.

2.- Darlle traslado do acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.33420.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E IMPARTICIÓN DE FORMACIÓN DIRIXIDO AS PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS DOS CONCELLOS DE CUNTIS, FORCAREI, A ILLA DE AROUSA, MORÑA E AS NEVES QUE AS CAPACITE EN COMPETENCIAS DIXITAIS E LLES PERMITA A XERACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS E FACILITE A SÚA RELACIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E A ALFABETIZACIÓN DIXITAL EN CALQUERA ÁMBITO DA SÚA VIDA COTIÁ, NO MARCO DO PROXECTO «HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA»”. (Expte.2023047633)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día do día 10 de novembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra*”, que comprende dous lotes:

| Número | Denominación |
|--------|--|
| 1 | Prestación dun servizo de impartición da formación que capacite en competencias dixitais ás persoas “ <i>Influencers</i> ” que se seleccionen e ás persoas destinatarias da formación. |
| 2 | Prestación dun servizo de xeración de contidos didácticos audiovisuais e de edición de experiencias audiovisuais xeradas para e polo alumnado. |



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30/11/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, presentados polas empresas licitadoras acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

Lote 1

- Fundación Cibervoluntarios (CIF G84410158)
- Magnafor Qualitas SL CIF B36565679
- Norformación SL CIF B36343218
- Estudios Rafer SL CIF B27239136
- NT for learning SL CIF B15549413

Lote 2

- Gestión del conocimiento SA (CIF A61302196)
- Cinfo Contenidos informativos personalizados SL B15.757.941
- Dicampus SL CIF B-33.872.094

Así mesmo a mesa acordou trasladar a documentación técnica correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Con data 14/12/2023, a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor con (csv: 6JPYNQWQMUXJGO3) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1

| Empresas | Criterios avaliábeis mediante xuízos de valor | | | | |
|----------------------------|--|--|---|--|--------------------------------|
| | 1.- Metodoloxía desenvolvemento servizo (Máx 7 ptos) | 2.- Estratexias captación persoas beneficiarias (Máx 7 ptos) | 3.- Estratexia permanencia persoas beneficiarias (Máx 6 ptos) | 4.- Metodoloxía xestión servizo (Máx 5 ptos) | Total puntuación (Máx 25 ptos) |
| Estudios Rafer SL | 4,25 | 5,00 | 5,00 | 4,00 | 18,25 |
| Norformación SL | 1,60 | 3,50 | 3,50 | 4,00 | 12,60 |
| Fundación Cibervoluntarios | 0,70 | 0,50 | 0,00 | 1,00 | 2,20 |
| NT for learning SL | 7,00 | 4,00 | 5,00 | 4,00 | 20,00 |
| Magnafor Qualitas SL | 0,00 | 1,00 | 0,00 | 1,00 | 2,00 |



Lote 2

| Empresas | Criterios avaliados mediante xuízos de valor | | | |
|---|--|---|---------------------------------------|--------------------------------|
| | 1.-Metodoloxía edición e produción de contidos didácticos audiovisuais | 2.-Metodoloxía de validación de contidos audiovisuais xerados polo alumnado e influencers | 3.- Metodoloxía de xestión do servizo | Total puntuación (Máx 25 ptos) |
| Dicampus SL | 4,00 | 4,00 | 2,00 | 10,00 |
| Cinfo Contenidos informativos personalizados SL | 8,00 | 10,00 | 4,00 | 22,00 |
| Gestión del conocimiento SL | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 21/12/2023 acordou prestar conformidade ás citadas puntuacións acordando a vista das mesmas que non se proceda á apertura do sobre “B”, correspondente a documentación avaliada mediante criterios automáticos, ao non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,50 puntos) de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, presentada polas seguintes empresas:

Lote 1:

Fundación Cibervoluntarios
Magnafor Qualitas SL

Lote 2

Gestión del conocimiento SL
Dicampus SL

En dita reunión a Mesa de contratación procedeu a apertura das propostas do sobre B correspondentes aos criterios avaliados automaticamente das empresas que acadan un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,50 puntos) sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con (CSV) MD2JX0AFP72URRFE.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as ofertas presentadas polas empresas Estudios Rafer SL, Norformación SL e NT for learning SL no lote 1 presentan un valor anormal ou desproporcionado respecto a oferta no seu conxunto. Para dita determinación de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico administrativas terase en conta a oferta no seu conxunto establecendo o prego que “O valor da oferta no seu conxunto a efectos da determinación das ofertas incursas en presunción de anormalidade ou desproporcionalidade será o seguinte:

Lote N^o1

Prezo total ofertado (sen iva) minorado nas seguintes contías:

- No caso de ofertar horas de titorías adicionais: 17,23 € por cada hora adicional ofertada. (Máx 20 h).



- *No caso de ofertar equipamento a maiores 900,00 € por cada kit adicional ofertado (Máx 3 kits)*
- *No caso de ofertar a organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €.”*

Lote N°2

Prezo total ofertado (sen IVE) minorado nas seguintes contías:

- No caso de ofertar contidos audiovisuais a maiores: 2.800 € por cada un.(Max 3 contidos)
- No caso de ofertar contido audiovisual xerado polo alumnado e “influencers” editado e validado: 480€ por cada un. (Max. 4contidos)
- No caso de ofertar a organización dun concurso dotado cun premio de aprox. 250 € a mellora persoa influencer: 250 €.

Dito valor para cada unha das ofertas (do lote 1) é o seguinte:

- Estudios Rafer SL: 25.772,15 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen IVE): 29.066,75 €, minorado nas seguintes contías:

- *Polas horas de titorías adicionais ofertadas: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$*
- *Polo equipamento ofertado a maiores: $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$*
- *Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellora persoa influencer: 250 €.*

-NT for learning SL: 24.880,54 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen IVE): 28.175,14 € , minorado nas seguintes contías:

- *Polas horas de titorías adicionais ofertadas: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$*
- *Polo equipamento ofertado a maiores: $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$*
- *Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €*

-Norformación SL: 23.705,40 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen IVE): 27.000,00 € , minorado nas seguintes contías:

- *Polas horas de titorías adicionais ofertadas: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$*
- *Polo equipamento ofertado a maiores: $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$*
- *Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €.*

Dito valor para a empresa *Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL* no lote nº2 é de 64.597,57 € de acordo co seguinte detalle:

Prezo total ofertado (sen IVE): 75.167,57 € minorado nas seguintes contías:

- Polos contidos audiovisuais ofertados a maiores: $2.800 \text{ €} \times 3 = 8.400 \text{ €}$
- Polo contido audiovisual xerado polo alumnado e “influencers” editado e validado ofertado: $480 \times 4 \text{ contidos} = 1.920,00 \text{ €}$.
- Pola oferta de organización dun concurso a mellor persoa influencer: 250 €

Tendo en conta ditos valores obsérvase que as ofertas das empresas *Estudios Rafer SL*, *NT for learning SL* e *Norformación SL* presentan un valor anormal ou desproporcionado no referente aos valores ofertados tendo en conta a oferta no seu conxunto polo que se lles solicita que xustifiquen a súa oferta.



As citadas empresas presentaron a xustificación requirida dentro do prazo establecido.

Con data 09/01/2024 a Xefa do Servizo de Cohesión Social emitiu informe con (CSV ZRD04C3YTPKTK7VP) no que se informa o seguinte:

- Respecto as ofertas das empresas *Norformación SL e NT for learning SL* infórmase que se entenden xustificadas.
- Respecto a oferta da empresa *Estudios Rafer SL* infórmase que non se xustifica a oferta presentada.

En vista a todo o exposto procédese a efectuar a valoración dos criterios avaliados automaticamente das ofertas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1

| Lote N°1.- Puntuación sobre B criterios automáticos | | |
|--|--------------------|-----------------|
| Criterios automáticos (Máx 75 puntos) | NT for learning SL | Norformación SL |
| 1. Menor prezo total ofertado sen IVE (máximo 40 puntos). | 34,41 | 40,00 |
| 2. Equipos ofertados adicionais (Máximo 15 puntos) | 15,00 | 15,00 |
| 3.-Nº horas adicionais de titoría Máximo 10 puntos) | 10,00 | 10,00 |
| 4.-Disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental Máximo 5 puntos) | 0,00 (*) | 0,00 |
| 5.-Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”. Máximo 5 puntos) | 5,00 | 5,00 |
| TOTAL PUNTUACION Sobre B .-Criterios automáticos (Ata un máx. de 75 puntos) | 64,41 | 70,00 |

(*) Non se valora o criterio referido a disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental da empresa NT for learning SL ao non achegar a documentación acreditativa requirida da disposición da etiqueta de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas.



Lote 2

| Crterios automáticos (Máx 75 puntos) | Cinco Contidos Informativos Personalizados SL |
|--|---|
| 1. Menor prezo total ofertado sen IVE (máximo 50 puntos). | 25,00 |
| 2. Contidos didácticos audiovisuais ofertados con carácter adicional aos mínimos requiridos (Máximo 12 puntos) | 12,00 |
| 3.- Experiencias audiovisuais xeradas polo alumnado e “Influencers” editados e validados a maiores das mínimas (Máximo 8 puntos) | 8,00 |
| 4.- Organización dun concurso e dotación dun premio ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado (Máximo 5 puntos) | 5,00 |
| TOTAL PUNTUACION Sobre B .-Criterios automáticos (Ata un máx. de 75 puntos) | 50,00 |

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11/01/2024, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas do procedemento seguido para a adxudicación dos lotes 1 e 2 do presente contrato, polos motivos que se relacionan:

| Empresa | Motivo de exclusión: |
|---|---|
| Lote 1: -Fundación Cibervoluntarios -Magnafor Qualitas SL Lote 2 -Gestión del conocimiento SL -Dicampus SL | Por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,50 puntos), |
| Estudios Rafer (Lote nº1) | Ao conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato. |

No mesmo acto, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas, sendo esta a seguinte:

Lote 1

| Empresas e clasificación | 1ª NT for learning SL | 2ª Norformación SL |
|--|--------------------------|-----------------------|
| TOTAL PUNTUACION A (Criterios mediante xuízos de valor).- (Ata un máx. de 25 puntos) | 20,00 | 12,60 |
| TOTAL PUNTUACION B Criterios automáticos (Ata un máx. de 75 puntos) | 64,41 | 70,00 |
| TOTAL A+B | 84,41 | 82,60 |



Lote 2

| Empresas e clasificación | 1 ^a Cinfo Contenidos Infomativos personalizados SL |
|---|--|
| TOTAL PUNTUACION A .-Criterios mediante xuízos de valor <i>(Ata un máx. de 25 puntos)</i> | 22,00 |
| TOTAL PUNTUACION B .-Criterios automáticos <i>(Ata un máx. de 75 puntos)</i> | 50,00 |
| TOTAL A+B | 72,00 |

Así mesmo a mesa de contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, ás seguintes empresas:

Lote 1: NT for learning SL

Lote 2: Cinfo Contenidos Infomativos personalizados SL

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que as empresas NT for Learning SL e Cinfo Contenidos Infomativos personalizados SL atópanse inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. Así mesmo con data 15/01/2023 a través do sistema de intermediación comproba que se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social e de alta no IAE.

Mediante Resolución Presidencial número 2024000317 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 11/01/2024 (CSV: B1U7JOVU0YX8J5P0), e requirir as empresas NT for learning SL.- CIF B15549413(Lote nº1) e CINFO Contenidos Infomativos Personalizados S.L.-.C.I.F B15757941 (Lote nº2) , que presentaron a mellor oferta no respectivo lote, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



As empresas NT for learning SL.- CIF B15549413 e CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941) presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (con números de rexistro de entrada WEB2024003839 e WEB2024003708 respectivamente) , cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas de acordo co seguinte detalle:

Lote nº1: NT for learning SL. por importe de 1.408,76 € segundo se acredita mediante carga de pago con nº de operación 202400016173.

Lote nº2: CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. por importe de 3.758,38 € segundo se acredita mediante carga de pago con nº de operación 202400019245.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento seguido para a adxudicación dos lotes 1 e 2 do presente contrato, por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas (12,50 puntos) as seguintes empresas:

Lote 1:

- Fundación Cibervoluntarios
- Magnafor Qualitas SL

Lote 2

- Gestión del conocimiento SL
- Dicampus SL



2.-Excluír do procedemento seguido para a adxudicación do lote nº1 a oferta presentada pola empresa Estudios Rafer, SL, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

3.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de *Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves* que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra*”, as seguintes empresas:

Lote nº1 .- Prestación dun servizo de impartición da formación que capacite en competencias dixitais ás persoas “*Influencers*” que se seleccionen e ás persoas destinatarias da formación a empresa *NT for learning SL*.- CIF B15549413 polo seguinte importe e condicións:

1.- Prezo ofertado:

| | | |
|-------------------------|-------|--------------|
| Importe sen o IVE: | | 28.175,14 € |
| IVE (21. %): | | 5.913,78 € |
| Importe total ofertado: | | 34.091,92. € |

2.-Nº de kits de equipamento compostos por 5 tablets e 1 portátil (coas características especificadas na cláusula 4.1.3 do PPT ofertadas a maiores do mínimo: 3

3.- Nº de horas adicionais de titoría ofertadas por concello a maiores das mínimas requiridas: 20 horas

4.- Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”.

| | | |
|--|-----|--------------------------|
| A empresa comprométese a organización dun concurso á mellor persoa “influencer” dotado cun premio en especie valorado en aprox 250 € | SI | X |
| | NON | <input type="checkbox"/> |

Lote N°2.- Prestación dun servizo de xeración de contidos didácticos audiovisuais e de edición de experiencias audiovisuais xeradas para e polo alumnado a empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* (C.I.F B15757941)

1.- Prezo ofertado:

| | | |
|-------------------------|-------|-------------|
| Importe sen o IVE: | | 75.167,57 € |
| IVE (21 %): | | 15.785,19 € |
| Importe total ofertado: | | 90.952,76 € |

Nota: o importe ofertado sen ive non pode superar 83.519,52 €



2.- Nº de contidos didácticos audiovisuais ofertados con carácter adicional aos 22 mínimos requiridos no prego de prescricións técnicas: 3

3.- Nº de experiencias audiovisuais xeradas polo alumnado e “Influencers” editados e validados ofertadas con carácter adicional ás 28 mínimas requiridas no PPT: 4

4.- Organización dun concurso e dotación dun premio ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado.

| | | |
|--|-----|--------------------------|
| A empresa comprométese a organización dun concurso ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado dotado cun premio en especie cun valor aproximado de 250 € | SI | X |
| | NON | <input type="checkbox"/> |

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2024 | 24/231.2317.226.06 | 43.154,32 € |
| 2024 | 24/231.2317.227.06 | 101.058,62 € |

Forma de pagamento: Os pagos á empresa ou empresas adxudicatarias realizaranse unha vez presentadas as facturas que correspondan en función das prestacións efectivamente realizadas e entregadas, polo que o pago efectuarase fraccionado en función dos traballos efectivamente prestados de acordo cos seguintes fitos de facturación:

Lote 1. Fitos de facturación:

| FITO | DESCRICIÓN | IMPORTE CON IVE |
|-------|---|-----------------|
| 1 | Accións de difusión e comunicación | 12.235,05 € |
| 2 | Elaboración e distribución de material didáctico e funxible, posta a disposición dos equipos para a formación (tablets e portátil) e impartición de formación | 21.856,87 € |
| Total | | 34.091,92 € |

Os pagos a empresa adxudicataria realizaranse unha vez finalizada a execución do conxunto das prestacións de cada un dos fitos coa conformidade da Deputación de Pontevedra.

O importe correspondente a cada unha das accións formativas obterase dividindo o prezo total correspondente a impartición da formación entre 40 (35 edicións dirixidas a poboación obxectivo e 5 edicións dirixidas as persoas “influencers”).



O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, polo que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto do contrato estará condicionada ao número final de actividades de formación e sensibilización executadas.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a levar a cabo todas as accións formativas previstas senón se acada un número mínimo de 4 persoas participantes por curso e polo menos 1 persoa “*Influencer*” por concello. Neste suposto, non se levará a cabo a acción formativa e, en consecuencia, a empresa adxudicataria non terá dereito a percibir cantidade algunha pola mesma.

Lote 2. Fitos de facturación:

| FITO | DESCRICIÓN | IMPORTE CON IVE |
|------|--|-----------------|
| 1 | Creación de contidos audiovisuais didácticos | 16.290,05 € |
| 2 | Edición e validación de contidos | 74.662,71 € |
| | | 90.952,76 € |

Pagarase o importe correspondente a cada fito unha vez finalizadas as prestacións correspondentes a cada un deles coa conformidade da Deputación de Pontevedra.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-----------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | | Núm. de expte | 2023047633 Lote _____ | |
| Órgano xestor: | LA0008004 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude , Begoña Estévez Bernárdez. A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

20.33421.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FARO DE VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “CONTRATACIÓN DA COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023”. (Expte.2022057958) (Devogarán2023073931)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2022 (CSV:1BPEXQ32PUQU7GXZ), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación do “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U., para a anualidade 2023*”. (Expte.2022057958).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2023 (CSV.- SHN5QU6BC9LSU8XB), adoptouse a “*Modificación do contrato con Faro de Vigo, S.A.U., para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023*”, que supuxo un reaxuste da garantía definitiva constituída, que pasou de 11.260,33€ á cantidade de 12.386,36€, cunha diferenza no importe de 1.126,03€.

Para responder da realización deste servizo e da súa modificación, a empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (A-36600815), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación e o equivalente na modificación, que son os seguintes:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|-----------------------------------|------------|--------------|------------|
| FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36600815) | 11.260,33€ | 202200236928 | 18/11/2022 |
| Complementaria | 1.126,03€ | 202300218968 | 24/10/2023 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- EXW9LTV19V9S9XZF), no cal sinala que a entidade Faro de Vigo, S.A.U., cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva e da garantía complementaria.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- AYMRZELSDKCLEBSI), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Faro de Vigo, S.A.U.* (A-36600815), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe e da súa garantía complementaria, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U., para a anualidade 2023*” (Expte. 2022057958), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *Faro de Vigo, S.A.U.*- (A-36600815), por resultar adxudicataria de dito contrato e do seu complementario, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de once mil douscentos sesenta euros con trinta e tres céntimos (11.260,33 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 18/11/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200236928.
- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de mil cento vinte e seis euros con tres céntimos (1.126,03 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/10/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300218968.

21.33422.- APROBAR POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO “LINGUA E SOCIEDADE NO ENSINO SECUNDARIO. PRÁCTICA DOCENTE, FORMACIÓN, EXPECTATIVAS DE FUTURO, DEMANDAS E PROPOSTAS DE MELLORA ENTRE O PROFESORADO”. (Expte. 2022007649)

Por RP núm. 2022002411 de 29/03/2022 ditouse o seguinte acordo “*Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Universidade de Vigo, con CIF Q8650002B, por un importe de dezasete mil euros (17.000,00 €), para o desenvolvemento do estudo «Lingua e sociedade no ensino secundario. Práctica docente, formación, expectativas de futuro, demandas e propostas de mellora entre o profesorado»*”, con cargo á aplicación orzamentaria 24/334.3340.453.90.2022.

Con data 29 de setembro de 2023 e número de rexistro REX_WEB2023055198, a Universidade de Vigo presenta a súa correspondente conta xustificativa, modificada os días 23/11/2023 e 10/01/2024 por apreciarse erros no contido da mesma, sendo informada pola xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos con data 18/01/2024, solicitando dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.



Con data 18/01/2024 a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos establecendo que o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno porque a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial do crédito

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

O Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do estudo «Lingua e sociedade no ensino secundario. Práctica docente, formación, expectativas de futuro, demandas e propostas de mellora entre o profesorado» aprobado por RP núm. 2022002411 de 29/03/2022 recolle no expositivo IV, que por parte da Deputación, Servizos Lingüísticos será o responsable do proxecto.

Petición e evacuación de informes:

-Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.

-Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Procedemento de xustificación:

Cláusula sétima do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do estudo «Lingua e sociedade no ensino secundario. Práctica docente, formación, expectativas de futuro, demandas e propostas de mellora entre o profesorado», aprobado por RP núm. 2022002411 de 29/03/2022

REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno porque a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial do crédito

CONCLUSIÓNS

O artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención contempla o procedemento para a xustificación das subvencións públicas.

Así mesmo, o artigo 24 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 recolle no mesmo sentido as normas para a xustificación das subvencións na Deputación de Pontevedra.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informes do xefe do servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, de data 17/11/2023 e 18/01/2024 (CSV: 47LU8DH2RYR3KM9P e NLK2WNH4JGFNFKZ5) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, de data 18/01/2024 (CSV: NB1I720Q6AR7DFLZ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito a xustificación presentada pola *Universidade de Vigo*, por un importe de nove mil seiscientos setenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (9.673,64 €), da subvención outorgada para o desenvolvemento do estudo «Lingua e sociedade no ensino secundario. Práctica docente, formación, expectativas de futuro, demandas e propostas de mellora entre o profesorado» (Expte.2022007649).
- Darlle traslado do presente acordo á *Universidade de Vigo*, a Intervención e ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.



22.33423.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DAS CERTIFICACIÓNS NÚM. 8, 9 E 10 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 6005 PRADO-BODAÑO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+573 (CONCELLO DE LALÍN)”.
(Expte.2022045201)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9/12/2022 acordou adxudicar a empresa “Narom, SL” (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, por un importe de 301.939,20 € (IVE incluído) e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 12/01/2023 formalízase a acta de comprobación de replanteo, establecendo como data para finalizar a obra o día 12/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/06/2023 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, establecendo como data para finalizar as obras o día 20/09/2023.

Resultando.- Que con data 20/09/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2023054310), un escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de cincuenta (50) días, debido a que o retraso na terminación da obra susténtase na demora por parte da compañía eléctrica UFD en realizar o retranqueo (mediante o soterramento pola nova senda) da liña eléctrica que discorre entre o PQ 0+060 ao PQ 0+160 md. A simple valoración, resulta entendible que non resulta posible formigonar a senda peonil prevista nese tramo, mentres a referida compañía eléctrica non instale as súas canalizacións e retire os apoios de formigón existentes.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director de obra (CSV) W0TRJSB98LF0VIXN no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el. A máis recolle que aínda que dende o Servizo de Infraestruturas se seguen realizando as xestións para axilizar o soterramento da liña eléctrica por parte de Fenosa, as datas en que finalmente se execute o mesmo se descoñecen e non dependen da Deputación de Pontevedra. Polo tanto, para poder rematar a obra en prazo e non depender de terceiros, é preciso formigonar a senda na zona dos 4 apoios afectados por panos, procedendo para ilo a desprazar de maneira sucesiva os 4 apoios provisionalmente cara o pano xa formigonado na fase previa. Tendo en conta os antecedentes, considérase que o tempo perdido por causas non imputables ao contratista é de 1 mes.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) NQPHWXYTL6J1Y7Y1 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en un (1) mes sendo a data de finalización deste contrato o 20/10/2023.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou conceder á empresa “NAROM, SL” unha ampliación de prazo de un (1) mes, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/10/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Resultando.- Que remitidas ao servizo de Intervención as solicitudes de fiscalización das certificacións núm. 8, 9 e 10, este devólveas informadas en datas 25 e 26 de xaneiro do 2024, concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”. Así mesmo, fai constar neles que “*Apréciase unha importante demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)*”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

- Certificacións núm. 8, 9 e 10 da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Certificación Núm. | Importe |
|--------------------------------------|-------------------------|--------------------|---------------------|
| NAROM, SL” (NIF B36163418) | 24/456-4530-612.02.2021 | 8 | 107.885,95 € |
| | | 9 | 15.049,86 € |
| | | 10 | 22.130,30 € |
| SUBTOTAL | | | 122.935,81 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM adx.) | | 8 | 2.997,04 € |
| | | 9 | 418,08 € |
| | | 10 | 614,77 € |
| Control de calidade (3% PEM licit.) | | 8 | 2.409,71 € |
| | | 9 | 336,15 € |
| | | 10 | 494,30 € |
| Total descontos | | | 7.270,05 € |
| Líquido a percibir | | 8 | 102.479,20 € |
| | | 9 | 14.295,63 € |
| | | 10 | 21.021,23 € |
| TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR | | | 116.774,83 € |



23.33424.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2024003537 E 2024003549)

a) Vista a relación de facturas con número 2024003537, que contén 37 facturas e por un importe de 24.051,01€ e con CSV: QO4EOV9NWRAL4GG0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|------------|
| Importe total..... | 24.767,04€ |
| Descontos do IRPF..... | 716,03€ |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 24.051,01€ |

b) Vista a relación de facturas con número 2024003549, que contén 21 facturas e por un importe de 86.106,39€ e con CSV: NPHHCXZE36I4C3YC, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|------------|
| Importe total..... | 86.106,39€ |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 86.106,39€ |



24.33425.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB CAMBADOS GAÉLICO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (FÚTBOL GAÉLICO)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 10/11/2023. (Expte.2023023713)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27/01/23 aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023” (acordo 3.32143) publicadas no BOPPO núm. 42 de 1 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 23/03/2024 Juan Luis López Moldes, en representación do Cambados Gaélico (NIF: G94145117) presenta solicitude para o “ámbito inferior ao estatal na modalidade de fútbol gaélico”, achegando un orzamento por importe de 4.009,11 €.

Terceiro.- En data 14/11/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 220 de 15/11/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e no que figura o Cambados Gaélico (NIF: G94145117) e na contía de 713,68 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 18/01/2024 Juan Luis López Moldes, en representación do Cambados Gaélico (NIF: G94145117) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada pola disolución do club.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 31/01/2024 a renuncia presentada por Cambados Gaélico (NIF: G94145117).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Cambados Gaélico* (NIF: G94145117) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 713,68 € para a realización “*ámbito inferior ao estatal (fútbol gaélico)*” (documento co CSV: KKGS1ZVLSKW0TL40).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.33426.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN Ó MINISTERIO PARA AMPLIAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “DA TÚA MAN”, FINANCIADO NUN 80% POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (ORDE ICT/950/2021, DE 10 DE SETEMBRO MODIFICADA POLA ORDE ICT/566/2022, DE 15 DE XUÑO) (Expte.2022049323)

O 27 de febreiro de 2023 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable por un importe de 624.965,00 € e 499.972,00 € de subvención proposta. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo (nº 40.32418) de aprobación do citado proxecto.

Con data 5 de xaneiro de 2024, o Ministerio comunica mediante correo electrónico que “(...) Finalmente, se ha determinado que, excepcionalmente, aquellos subproyectos que por alguno de los motivos recogidos en el artículo 21.2 de la Orden ICT/950/2021 no puedan dar cumplimiento al cronograma que se aprobó inicialmente, podrán solicitar una ampliación de plazos de ejecución hasta diciembre de 2024. En ningún caso esta prórroga podrá ampliarse ya que es la fecha máxima establecida en el objetivo CID en el que se enmarca su subproyecto.

Como ya se ha mencionado, esta ampliación es excepcional y requiere de una solicitud debidamente motivada, haciendo referencia al citado artículo 21.2, y que se estudiará caso a caso. La solicitud deberá ser aceptada de forma expresa y se les notificará formalmente.

La solicitud de ampliación de plazos se realizará siguiendo las instrucciones de la Guía de Procedimiento que se encontrará disponible en el Portal de Ayudas del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>).”



O artigo 21.2. da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro, establece que *“Las circunstancias específicas que pueden dar lugar a la modificación de la resolución de concesión son: a) Causas sobrevenidas que no pudieron preverse en el momento de la solicitud, y que no fuesen previsibles con anterioridad. (...)”*

Pola súa parte, o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño, pola que se modifica a Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro sinala que: *“(...) Por causas justificadas podrá prorrogarse el plazo de ejecución del proyecto, siempre que ello no afecte al cumplimiento de los objetivos asociados a este proyecto en el Plan de Recuperación a fecha 31 de diciembre de 2024, ni se perjudique derechos de terceros.”*

Tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto procede solicitar ao órgano competente a ampliación dos prazos do proxecto que se xustifica en base ao artigo 21.2.a) da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro e o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño que modifica a citada Orde.

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 25 de outubro de 2022 no que conclúe que *“Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones realizadas en el marco del proyecto procede solicitar al órgano competente la ampliación de los plazos del proyecto cuya memoria justificativa se adjunta en el expediente.”*

Vista a dilixencia de conformidade de Intervención de data 26 de xaneiro de 2024 en relación ao citado informe-proposta do xefe de servizo.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o *Ministerio de Industria Comercio e Turismo*, a solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 31 de decembro de 2024 do proxecto “Da túa man” aprobado na convocatoria de 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro modificada pola Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño), de acordo á memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: VLF2KWAVBUXJGZIC).



26.33427.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN Ó MINISTERIO PARA AMPLIAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “DA TÚA MAN”, FINANCIADO NUN 100% POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2023 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (ORDE ICT/950/2021, DE 10 DE SETEMBRO MODIFICADA POLA ORDE ICT/566/2022, DE 15 DE XUÑO E A ORDE ICT/185/2023 DE 22 DE FEBREIRO) (Expte.2023023209)

O 3 de novembro de 2023 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable por un importe de 500.000,00 € e 500.000,00 € de subvención proposta. O dito proxecto, foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 6 de outubro de 2023 (acordo nº 3.33016) condicionado á recepción da citada notificación de resolución de concesión.

Con data 5 de xaneiro de 2024, o Ministerio comunica mediante correo electrónico que “(...) *Finalmente, se ha determinado que, excepcionalmente, aquellos subproyectos que por alguno de los motivos recogidos en el artículo 21.2 de la Orden ICT/950/2021 no puedan dar cumplimiento al cronograma que se aprobó inicialmente, podrán solicitar una ampliación de plazos de ejecución hasta diciembre de 2024. En ningún caso esta prórroga podrá ampliarse ya que es la fecha máxima establecida en el objetivo CID en el que se enmarca su subproyecto.*

Como ya se ha mencionado, esta ampliación es excepcional y requiere de una solicitud debidamente motivada, haciendo referencia al citado artículo 21.2, y que se estudiará caso a caso. La solicitud deberá ser aceptada de forma expresa y se les notificará formalmente.

La solicitud de ampliación de plazos se realizará siguiendo las instrucciones de la Guía de Procedimiento que se encontrará disponible en el Portal de Ayudas del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>).”

O artigo 21.2. da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro, establece que “*Las circunstancias específicas que pueden dar lugar a la modificación de la resolución de concesión son: a) Causas sobrevenidas que no pudieron preverse en el momento de la solicitud, y que no fuesen previsibles con anterioridad. (...).*”

Pola súa parte, o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño, pola que se modifica a Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro sinala que: “*(...) Por causas justificadas podrá prorrogarse el plazo de ejecución del proyecto, siempre que ello no afecte al cumplimiento de los objetivos asociados a este proyecto en el Plan de Recuperación a fecha 31 de diciembre de 2024, ni se perjudique derechos de terceros.*”

Tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto procede solicitar ao órgano competente a ampliación dos prazos do proxecto que se xustifica en base ao artigo 21.2.a) da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro e o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño que modifica a citada Orde.



Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 26 de outubro de 2022 no que conclúe que *“Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones realizadas en el marco del proyecto procede solicitar al órgano competente la ampliación de los plazos del proyecto cuya memoria justificativa se adjunta en el expediente.”*

Vista a dilixencia de conformidade de Intervención de data 26 de xaneiro de 2024 en relación ao citado informe-proposta do xefe de servizo.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o *Ministerio de Industria Comercio e Turismo*, a solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 31 de decembro de 2024 do proxecto “Da túa man” aprobado na convocatoria de 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro modificada pola Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro), de acordo á memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: TLE2P4JJMODZZSXO).

27.33428.- RENUNCIA DO CONCELLO DE SILLEDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DA CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO”, E Á AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AO CONCELLO DE SILLEDA”.
(Expte.2021052802)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da solicitude de renuncia, remitida polo concello de Silleda o día 25/01/2024 e rexistro de entrada número WEB2024003643, á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. PR-D5000-2021-000382 “Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Silleda e co obxecto de dar trámite a solicitude da renuncia recibida, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

Ao abeiro da convocatoria de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do IDAE, en data 10/08/2023 (Rexistro de entrada número: 2023016753) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a aos fondos NextGenerationEU por importe de 1.018.824,49 euros, e se lle asigna ao proxecto o número IDAE PR-D5000-2021-000382.



As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

| <i>“Iluminación exterior sostible XV:</i> | | | | |
|--|-----------------------------|--------------------------------------|---|--------------------------------|
| <i>Renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”</i> | | | | |
| <i>Concello</i> | <i>Custo total elixible</i> | <i>Subvención máxima IDAE (85 %)</i> | <i>Achega da Deputación de Pontevedra</i> | <i>Achega do concello</i> |
| | | | <i>(8 % de fondos propios)</i> | <i>(7 % de fondos propios)</i> |
| <i>Cañiza, A</i> | <i>117.862,03 €</i> | <i>100.182,72 €</i> | <i>9.428,96 €</i> | <i>8.250,35 €</i> |
| <i>Cuntis</i> | <i>124.615,65 €</i> | <i>105.923,30 €</i> | <i>9.969,25 €</i> | <i>8.723,10 €</i> |
| <i>Dozón</i> | <i>30.797,89 €</i> | <i>26.178,20 €</i> | <i>2.463,83 €</i> | <i>2.155,86 €</i> |
| <i>Fornelos de Montes</i> | <i>97.855,89 €</i> | <i>83.177,50 €</i> | <i>7.828,47 €</i> | <i>6.849,92 €</i> |
| <i>Pontecesures</i> | <i>58.120,04 €</i> | <i>49.402,03 €</i> | <i>4.649,60 €</i> | <i>4.068,41 €</i> |
| <i>Ribadumia</i> | <i>141.870,17 €</i> | <i>120.589,64 €</i> | <i>11.349,61 €</i> | <i>9.930,92 €</i> |
| <i>Rodeiro</i> | <i>263.604,34 €</i> | <i>224.063,68 €</i> | <i>21.088,35 €</i> | <i>18.452,31 €</i> |
| <i>Silleda</i> | <i>126.986,45 €</i> | <i>107.938,48 €</i> | <i>10.158,92 €</i> | <i>8.889,05 €</i> |
| <i>Tomiño</i> | <i>61.207,17 €</i> | <i>52.026,09 €</i> | <i>4.896,57 €</i> | <i>4.284,51 €</i> |
| <i>Cerdedo-Cotobade</i> | <i>175.697,48 €</i> | <i>149.342,85 €</i> | <i>14.055,80 €</i> | <i>12.298,83 €</i> |
| <i>Totais</i> | <i>1.198.617,11 €</i> | <i>1.018.824,49 €</i> | <i>95.889,36 €</i> | <i>83.903,26 €</i> |

En data 25/08/2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo núm. 8.32922 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto denominado PR-D5000-2021-000382 “Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” e a concesión de axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios. As actuacións referidas ao concello de Silleda incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

| <i>“Iluminación exterior sostible XV:</i> | | | | |
|--|-----------------------------|--------------------------------------|---|--------------------------------|
| <i>Renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”</i> | | | | |
| <i>Concello</i> | <i>Custo total elixible</i> | <i>Subvención máxima IDAE (85 %)</i> | <i>Achega da Deputación de Pontevedra</i> | <i>Achega do concello</i> |
| | | | <i>(8 % de fondos propios)</i> | <i>(7 % de fondos propios)</i> |
| <i>Silleda</i> | <i>126.986,45 €</i> | <i>107.938,48 €</i> | <i>10.158,92 €</i> | <i>8.889,05 €</i> |



Resultando que, en data 25/01/2024, co núm. de rexistro WEB2024003643 consta entrada na Deputación do escrito da alcaldía do concello de Silleda, polo que se renuncia á subvención concedida expoñendo como motivo que “no contrato celebrado entre o concello de Silleda e a entidade Ferrovia, denominado contrato administrativo de “Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumado público exterior do Excmo. Concello de Silleda”, gran número de actuacións previstas no convenio xa aparecían incluídas no contrato asinado.”.

A desistencia liberará o crédito dispoñible.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- De acordo artigo 8.1 do Real Decreto 616/2017, os beneficiarios estarán obrigados a comunicar de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompaña á solicitude. En consecuencia, toda alteración das condicións tidas en conta para a tramitación da solicitude poderá dar lugar á modificación da resolución, sen prexuízo de que a non comunicación destas modificacións sexa causa suficiente para a revogación da selección do proxecto.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumado público.



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente:

- *O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará conclusivo o procedemento, agás que, persóandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.*
- *O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIÓNS

Xuridicamente, a renuncia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión nun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo,

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Silleda presenta, en data 25/01/2024 e co núm. de rexistro WEB2024003643, a súa renuncia formal á subvención concedida co obxecto do financiamento da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto denominado PR-D5000-2021-000382 “Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de



Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” argumentando como motivo da renuncia que “no contrato celebrado entre o concello de Silleda e a entidade Ferrovial, denominado contrato administrativo de “Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumeadado público exterior do Excmo. Concello de Silleda”, gran número de actuacións previstas no convenio xa aparecían incluídas no contrato asinado.”.

Como consecuencia desta circunstancia, o Concello convén presentar a súa renuncia total á subvención concedida con destino ao financiamento das actuacións de investimento para a renovación da iluminación exterior dentro do seu termo municipal contidas no citado proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, a fin de que o crédito dispoñible por mor da renuncia se libere.

Por todo o exposto, e a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente de SILLEDA, CIF.: P36005200I e PROPOÑO que se acepte a renuncia á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. PR-D5000-2021-000382 “Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Silleda. A renuncia liberará o crédito previamente comprometido, por importe de 10.158,92 euros na aplicación 24/942.1650.652.15.2023 do vixente orzamento provincial e no correspondente proxecto de gasto.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da lei LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/01/2024, e da Intervención Provincial de data 29/01/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Silleda* á subvención concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o proxecto núm. PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación Exterior Sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Silleda mediante o Acordo número 8.32922 adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria de 25/08/2023.



- Liberar o crédito previamente comprometido, por importe de 10.158,92 € na aplicación 24/942.1650.652.15.2023 do vixente orzamento provincial e no correspondente proxecto de gasto.
- Darlle traslado do presente acordo ó *Concello de Silleda*, ó Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

28.33429.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE MAIO DE 2022 (NÚM. 5.31766), POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE NIGRÁN UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DA PRAZA ROSALÍA DE CASTRO”, POR SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO SEN VARIAR A TIPOLOXÍA INICIALMENTE APROBADA NIN INCREMENTAR A CONTÍA SUBVENCIONADA. (Expte. 2022013189)

Consta no expediente núm. 2022013189, o informe proposta da xefatura do servizo de cooperación co seguinte teor literal:

“INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

En data 27/05/2022, mediante acordo da xunta de goberno núm. 5.31766, concedeuse ao Concello de Nigrán, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 373.708,83 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Urbanización da praza Rosalía de Castro” (expte.2022013189), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 30/11/2023, consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023065860, dunha instancia xenérica do Concello de Nigrán que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido. A documentación achegada foi completada en data 22/12/2023 mediante rexistros WEB2023069820 e WEB2023069825.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de axustar os prezos do proxecto á evolución dos prezos de mercado, ao ser declarado o procedemento de licitación deserto.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin varia o orzamento de licitación, limitándose a axustar as medicións e os prezos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*



- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.
- Acordo do pleno da Deputación núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023) que estende o prazo de execución dos investimentos incluídos no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 30/09/2024 e o de xustificación ata o 31/10/2024.



CONCLUSIÓNS

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Urbanización da praza Rosalía de Castro” (Ref. 2022013189) tívose en conta un proxecto, por importe 373.708,33 euros, redactado polos enxeñeiros, Juan Bautista Pons Herrera e Lucas Gándara Álvarez, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

Logo de quedar o procedemento de licitación do investimento arriba referido deserto, o concello vese na obriga de redefinir o proxecto técnico para adaptar as medicións e, sobre todo, os prezos do mesmo á evolución dos prezos de mercado

Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non incrementa o orzamento de licitación nin prexudica dereitos de terceiros.

Visto que o cambio de documento técnico propónse formalmente e antes da realización do investimento obxecto de subvención.

Visto que o enxeñeiro xefe de Cooperación emitiu, en data 04/01/2024, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do concello de Nigrán, CIF:P 3603500D, a fn de que:

- Se acepte o cambio de documento técnico que rexerá a execución do investimento “Urbanización da praza Rosalía de Castro” (Ref.: 2022013189). O novo documento técnico substitúe ao presentado en data 29/04/2022 por rexistro WEB2022024330.*
- Se axuste o prazo de execución ao recollido no acordo do pleno desta Deputación núm. 4.8084 de 24/11/2023 (BOPPO núm. 229 de 28/11/2023). Deste modo, o investimento terá que estar executado a 30/09/2024 e xustificado a 31/10/2024.*

O resto do texto do acordo da xunta de goberno núm. 5.31766, de data 27/05/2022, permanece invariable.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á xunta de goberno, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá”



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e visto o informe favorable da Intervención provincial, de data 25/01/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 5.31766, de 27 de maio de 2022, polo que se concedía ao *Concello de Nigrán* unha subvención, por importe de 373.708,83 € co obxecto do financiamento do investimento “*Urbanización da Praza Rosalía de Castro*” (Expediente:2022013189), por substitución do proxecto técnico sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A substitución do proxecto técnico ven motivada pola necesidade de axustar os prezos á evolución dos prezos de mercado ao quedar o procedemento de licitación deserto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26/11/2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de conformidade co recollido no acordo do Pleno da Deputación núm. 4.8084, de 24/11/2023, (BOPPO núm. 229 de 28/11/2023), o investimento, incluído na anualidade 2022, deberá estar executado a 30/09/2024 e xustificado na súa totalidade a 31/10/2024.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

29.33430.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DOS EXPEDIENTES INEGA NÚMEROS IN421R-3530, IN421R-3535, E IN421R-3536. (Expte. 2023044745)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista das Resolucións favorables de concesión de axuda emitidas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos expedientes IN421R-3530, IN421R-3535, e IN421R-3536 para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 3 emprazamentos da Deputación de Pontevedra, e co obxecto de solicitar a modificación das axudas anteditas, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 14 de abril de 2021 (BOE núm. 89) o Real Decreto 266/2021, do 13 de abril, polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo. En desenvolvemento do citado Real Decreto, axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou no día 5 de agosto de 2021 (DOG núm. 149) a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).



- En data 21/07/2022 preséntanse ante o INEGA as 3 solicitudes de axuda para “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en empraçamentos da Deputación de Pontevedra”. Tras a súa avaliación, a Xerente do INEGA emite varias Resolucións nas que se estiman favorablemente as solicitudes, e concédense as subvencións no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, aos proxectos e polos importes que se identifican na seguinte táboa:

| Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 3 empraçamentos da Deputación de Pontevedra Programa Moves III | | | | | | | |
|--|------------------------|-----------------|----------------|------------------|------------------------------|--------------------|--|
| Código expediente | Nome proxecto | Data solicitude | Data concesión | Rexistro entrada | Investimento elixible (100%) | Axuda INEGA (NGEU) | Aportación Deputación (fondos propios) |
| IN421R-3530 | 2 - Museo Pontevedra | 21/07/2022 | 20/04/2023 | 2023009060 | 11.571,23€ | 8.099,86 € | 3.471,37€ |
| IN421R-3535 | 6 - Sede Vigo | 21/07/2022 | 24/05/2023 | 2023012164 | 137.190,40€ | 96.033,28€ | 41.157,12€ |
| IN421R-3536 | 7 - Castelo Soutomaior | 21/07/2022 | 24/05/2023 | 2023012163 | 34.872,20€ | 24.410,54€ | 10.461,66€ |
| TOTALS | | | | | 183.633,83 € | 128.543,68 € | 55.090,15 € |

- O obxecto do proxecto consiste en dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III).
- En canto as condicións e termos da concesión da axuda, na propia Resolución de Concesión de cada un dos expedientes, indícase que o prazo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados dende a data de notificación da resolución da concesión. Ademais, entre outras obrigas, inclúese a de xustificar ante o INEGA directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria.
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32714 de aceptación da axuda concedida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos proxectos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539.
- En data 06 de xullo de 2023 solicítase ante o Instituto Galego de Enerxía (INEGA) a alta dos subproxectos na plataforma COFFEE para acceder a MINERVA e realizar a análise ex ante seguindo co establecido na orde HFP/55/2023 sobre a análise sistemática de riscos de conflito de interese nos procedementos relativos ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que afectan a todos os contratos publicados con posterioridade ao 25 de xaneiro de 2023. Finalmente, o pasado 16/11/2023 o INEGA da alta dos subproxectos na plataforma COFFEE e actualmente están en estado “en revisión” polo seu nodo superior.



- Actualmente, aínda non se obtivo o código CRO polo que non se pode continuar co procedemento de licitación da obra para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos nas instalacións da Deputación de Pontevedra. Esta situación está a producir demoras no calendario de execución dos traballos non posibilitando que se cumpran as condicións das resolucións de concesión.
- Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en seis meses máis (6 meses), quedando reflexadas na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos relativos á execución dos proxectos IN421R-3530, IN421R-3535, e IN421R-3536.

| Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 3 emprazamentos da Deputación de Pontevedra - Programa Moves III | | | | | |
|--|------------------------|-----------------|----------------|-------------------------------|--|
| Código expediente | Nome proxecto | Data solicitude | Data concesión | Prazo límite para a execución | Prazo límite para a execución trala modificación |
| IN421R-3530 | 2 - Museo Pontevedra | 21/07/2022 | 20/04/2023 | 20/04/2024 | 20/10/2024 |
| IN421R-3535 | 6 - Sede Vigo | 21/07/2022 | 24/05/2023 | 24/05/2024 | 24/11/2024 |
| IN421R-3536 | 7 - Castelo Soutomaíor | 21/07/2022 | 24/05/2023 | 24/05/2024 | 24/11/2024 |

- A ampliación do prazo de execución en seis meses máis (6 meses) dos proxectos IN421R-3530, IN421R-3535, e IN421R-3536, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica ós intereses de terceiros, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.
- A solicitude de modificación é previa a data de conclusión do prazo para a realización da actividade.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 266/2021, do 13 de abril (BOE/BOE núm. 89), polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.
- Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).



- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto o artigo 17 da Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por esta resolución, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 17 da Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III).*
- *Artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*

III.- CONCLUSIONES:

As actuacións obxecto de axuda dos expedientes INEGA números IN421R-3530, IN421R-3535, E IN421R-3536 encádranse ao abeiro do programa MOVES III financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32714 de aceptación da axuda concedida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos proxectos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539. O prazo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados dende a data de notificación da resolución da concesión de cada unha delas.

En data 6 de xullo de 2023 solicítase ante o Instituto Galego de Enerxía (INEGA) a alta dos subproxectos na plataforma COFFEE para acceder a MINERVA e esta petición non foi atendida ata o pasado 16 de novembro do 2023 o INEGA da alta dos subproxectos na plataforma COFFEE e actualmente están en estado “en revisión” polo seu nodo superior. Actualmente, aínda non se obtivo o código CRO polo que non se pode continuar co procedemento de licitación das obras para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos obxecto de axuda.

Esta situación que está a producir demoras no calendario de execución dos traballos non posibilitando que se cumpran as condicións das resolucións de concesión.



A ampliación do prazo de execución en seis meses (6 meses), ata as datas recollidas na táboa que se indica a continuación:

| Código expediente | Nome proxecto | Prazo límite para a execución trala modificación |
|-------------------|------------------------|--|
| IN421R-3530 | 2 - Museo Pontevedra | 20/10/2024 |
| IN421R-3535 | 6 - Sede Vigo | 24/11/2024 |
| IN421R-3536 | 7 - Castelo Soutomaior | 24/11/2024 |

Esta ampliación dos prazos de execución non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución dos citados proxectos é necesario a ampliación do prazo máximo de execución dos expedientes INEGA números IN421R-3530, IN421R-3535 e IN421R-3536, en (6) seis meses adicionais; sendo a nova data máxima para executar os expedientes a indicada na táboa anterior.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas nos expedientes INEGA números IN421R-3530, IN421R-3535 e IN421R-3536.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución das actuacións recollidas nos expedientes INEGA números IN421R-3530, IN421R-3535 e IN421R-3536 non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de der eitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE execución das actuacións obxecto de axuda dos expedientes INEGA números IN421R-3530, IN421R-3535 e IN421R-3536.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 24/01/2024, e da Intervención Provincial de data 29/01/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)* a ampliación do prazo máximo de (12) doce meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución do proxecto INEGA número IN421R-3530 “2 - Museo Pontevedra”, en (6) seis meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto ata o 20/10/2024.



- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a ampliación do prazo máximo de (12) doce meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución do proxecto INEGA número, IN421R-3535 “6 - Sede Vigo”, en (6) seis meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto ata o 24/11/2024.
- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a ampliación do prazo máximo de (12) doce meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución do proxecto INEGA número IN421R-3536 7 - Castelo Soutomaior, en (6) seis meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto ata o 24/11/2024.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

30.33431.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.33432.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

32.33433.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

